



As perspectivas teolóxicas sobre o sacerdocio feminino

Jesús Martínez Gordo¹

A petición do sacerdocio feminino estivo presente, con moitos altibaixos, ao longo da historia da Igrexa. Pero foi despois do Concilio cando rexurdiu cunha enorme forza. Así o testemuñan o imparable aumento de colectivos e institucións eclesiais que o seguen solicitando, a publicación de valiosas achegas bíblico-ese-xéticas e históricas e tamén as soadas intervencións maxisteriais ao máis alto nivel cuestionando (e, por iso, rexeitando) a consistencia teolóxica e, mesmo, dogmática de tal solicitude.

Imposible deterse en cada un destes puntos. E menos, pormenorizadamente. Só me queda elixir un². E este vai ser o bloqueo maxisterial que padece a petición do sacerdocio feminino a partir da Carta Apostólica «*Ordinatio sacerdotalis*» de Xoán Paulo II (1994).

Non se pode ignorar que, a pesar de todos os pronunciamentos maxisteriais, a negativa segue sen ser recibida pola gran maioría da comunidade católica. Proba diso é a insistencia na reclamación. Unha reclamación que non só choca cun rexeitamento institucional, senón que está a pedir reconsiderar a decisión adoptada, avaliando, particularmente, a consistencia dogmática e xurídica da negativa ao sacerdocio feminino e a interpretación primada desde a curia vaticana estes últimos anos.

1 Jesús Martínez Gordo é profesor da Facultade de Teoloxía de Vitoria-Gasteiz e do Instituto Diocesano de Teoloxía e Pastoral de Bilbao. É membro do Centro «*Cristianisme i Justícia*», e párroco no Equipo Ministerial de Basauri.

2 Cf. MARTÍNEZ GORDO, J. «*La ordenación sacerdotal de las mujeres: problema pastoral y embrollo dogmático*»: *Lumen* 53 (2004) 331-390 onde se pode atopar un estudo máis detallado dalgunhas das cuestións que abordo nestas páxinas.